




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNION EUROPEA



**IES XERMÁN ANCOCHEA
QUEVEDO**

R/ Germán Ancochea, no 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302
ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE DEBUXO (CURSO 21_22)

O documento presentado está redactado ao abeiro da *Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*

Tómase en referencia a *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.*

Segundo isto, no período comprendido entre a terceira avaliación parcial (6 de xuño de 2022) e a terceira avaliación final (22 de xuño) o departamento de Debuxo, acorda tomar as medidas que se reflicten a continuación, e que modifican o sistema de avaliación fixado na programación didáctica presentada ao comezo do curso escolar.

Na educación secundaria se realizarán actividades de apoio, reforzo, recuperación e titoría. Estas actividades son de carácter práctico e obrigatorias para todo alumnado.

A metodoloxía a seguir será de a realización de traballos prácticos consistentes en exercicios artísticos ou en láminas no caso de debuxo xeométrico. A realización de ditas actividades de carácter obrigatorio poderá supoñer ata un incremento de 1 punto na nota final.

Desta maneira, terán a oportunidade de mellorar a nota da terceira avaliación parcial, que se verá incrementada ata de 1 punto. Con todo, cómpre sinalar que a cualificación da avaliación final nunca será inferior á da avaliación parcial.

No caso de que el alumno precise de actividades de apoio ou recuperación deseñaranse de xeito individualizado. De carácter obrigatorio será a entrega dos traballos non realizados durante o curso para alumnos que deban ter que recuperar toda a materia.

Así pois, a nota final do curso obterase mediante o cálculo da media aritmética das tres avaliacións, é dicir, da primeira e da segunda avaliación e da terceira parcial. Cando se teña unha avaliación suspensa, poderán aprobar directamente na final sempre que a media das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5 puntos, aos que hai que engadir ata 1 punto mencionado anteriormente.




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE, inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO

R/ Germán Ancochea, no 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302
ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea

No caso de 2º de Bacharelato, o período comprendido entre a terceira avaliación ordinaria (19 de maio) e as probas extraordinarias de recuperación (20, 21 e 22 de xuño), o centro organizará as clases co fin de preparar o alumnado para as probas de acceso á universidade e/ou para as probas extraordinarias.

A cualificación final será a media das tres partes. Se as tres avaliacións foron superadas ou só unha delas está avaliada con nota de 4 ou superior, acharase a media das tres, para obter a nota final. Non se fará media cunha nota inferior a un 3 nos exames.

No caso de que el alumno precise de actividades de apoio ou recuperación deseñaranse de xeito individualizado. De carácter obligatorio será a entrega dos traballos non realizados durante o curso para alumnos que deban ter que recuperar toda a materia.

Pobra de Trives, a 28 de Marzo de 2022

Departamento de Debuxo